

ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL

Á vista do informe da Xefa do Servizo de Facenda Local co conforme do xefe da Asesoría Xurídica do 7 de setembro de 2023, no que se estuda a modificación das Ordenanzas fiscais, sométese a ditame do Tribunal Económico Administrativo o presente anteproxecto, trala emisión do cal someterase a proposta á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal xeral, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL XERAL

1) Modifícase o artigo 24.8 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«8. Para respectar o principio de proporcionalidade entre o importe da débeda e os medios empregados para a súa realización, e atendendo a criterios de eficiencia na utilización dos recursos disponibles e de economía e eficacia na xestión recadatoria na tramitación dos expedientes de derivación da acción de cobro a terceiras persoas distintas da que figura na providencia de constrinximento, non se procederá a tal derivación cando o importe principal pendente da débeda tributaria sexa inferior ás cuantías que a continuación se relacionan:

DERIVACIÓN A ADMINISTRADORES	1.000,00 €
DERIVACIÓN POR CONTINUIDADE DE EXPLOTACIÓN	1.000,00 €
DERIVACIÓN POR AFECCION DE IBI	1.000,00 €
DERIVACIÓN DE AUGA	1.000,00 €»

2) Modifícase o artigo 22 da ordenanza fiscal xeral, engadindo un apartado 4 que queda redactado como segue:

«4. A Tesoureira municipal valorará a conveniencia de iniciar o procedemento de sucesión a herdeiros cando o importe da débeda en concepto de principal non supere os 1.000,00€ atendendo a criterios de eficacia, eficiencia e proporcionalidade».

3) Modifícase o artigo 23 da ordenanza fiscal xeral, engadindo un apartado 6 que queda redactado como segue:

«6. A Tesoureira municipal valorara a conveniencia de iniciar o procedemento de sucesión a persoas xurídicas e entidades sin personalidade cando o importe da débeda en concepto de principal non supere os 1.000,00 €, atendendo a criterios de eficacia eficiencia e proporcionalidade».

4) Modifícase o artigo 36 da ordenanza fiscal xeral, engadindo un apartado 4 que queda redactado como segue:

«4. Establécese un sistema especial de pago das débedas pendentes en vía executiva consistente en efectuar ingresos periódicos a conta da débeda correspondente sen que esta modalidade de pago conleve os efectos do fraccionamento da débeda, dado que non suporá unha paralización na aplicación das recargas do período executivo nin do pagamento dos xuros de demora.

Os requisitos serán os seguintes:

- a) Domiciliar nunha única conta tódalas cotas do Plan Personalizado de Pago, para o que se deberá achegar un certificado de titularidade da mesma.*
- b) Incluírse todos os recibos e liquidacións en vía executiva dos que sexa titular o debedor.*
- c) Deberá proporcionarse un teléfono e unha dirección de correo electrónico a efectos de avisos e comunicacións electrónicas.*

A periodicidade do pago das cotas será mensual e realizarase os días 05 de cada mes.

A solicitude será presentada na Oficina de Recadación Executiva do Concello de Lugo e terá validez para os recibos para os que se solicitou e os que se vaian incorporando ao expediente executivo sempre que non exista manifestación expresa en contrario por parte do suxeito pasivo e non deixen de realizarse os pagos na forma establecida.

No momento en que o Concello teña coñecemento da falta de pagamento das cotas, cancelarse o Plan de Pago Personalizado e continuarase co procedemento de recadación sen comunicación alguna».

5) Modifícase o artigo 74 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«ARTIGO 74º. EMBARGOS

1. Conforme ó último parágrafo do artigo 73, producirase o embargo dos bens e dereitos do obrigado tributario en contía suficiente para cubrir:

- a) O importe da débeda non ingresada.*
- b) Os xuros devengados ou que se devenguen ata a data de ingreso na Recadación Municipal.*
- c) Os recargos do período executivo.*
- d) Os custos do procedemento de constrinximento.*

2. Cada actuación de embargo documentarase en dilixencia, que se notificará á persoa coa que se entenda dita actuación.

3. O procedemento de constrinximento remata:

- a) *Co pagamento das cantidades relacionadas no apartado 1 deste artigo.*
- b) *Con acordo que declare o crédito total ou parcialmente incobrable, unha vez declarados fallidos todos os obrigados ó pagamento.*
- c) *Co acordo de ter sido extinguida a débeda por outra causa.*

4. *Os motivos de oposición fronte a dilixencia de embargo aparecen expresamente taxados no artigo 170.3.a da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria polo que o obrigado tributario non poderá opoñer ningún outro motivo que non esté comprendido nesta enumeración:*

- a) *Extinción da débeda ou prescripción do dereito a exhibir ó pago*
- b) *Falta de notificación da providencia de constrinximento*
- c) *Incumprimento das normas reguladoras do embargo contidas na Lei Xeral Tributaria.*
- d) *Suspensión do procedemento de recadación».*

6) Engádesse un artigo 74.bis, que queda redactado como segue:

«ARTIGO 74.BIS DECLARACIÓN DE FALIDOS E CRÉDITOS INCOBRABLES.

1. *A insolvencia probada dos obrigados ó pago require unha resolución na que expresamente se declare a situación de crédito incobrable una vez esgotadas as posibilidades de xestión recadatoria, que se levarán a cabo con arreglo ás disposicións legais e regulamentarias vixentes no marco da eficacia e eficiencia na xestión.*

2. *O calificativo de incobrable aplicarase ó crédito e o de falido ós obrigados ó pago.*

3. *A declaración de crédito incobrable non produce a inmediata extinción da débeda, senón exclusivamente a baixa provisional en contas do crédito en tanto non transcurra o prazo de prescripción.*

4. *O Servizo de Recadación vixilará a posible solvencia sobrevida dos obrigados ó pago declarados falidos, en tanto non se extingan as accións de cobro por prescripción.*

A estos efectos, realizará calquera actuación que proceda no marco do procedemento administrativo de constrinximento, con carácter puntual e individual cando o considere oportuno calquera dos órganos de recadación ou respondendo á planificación xeral de actuacións.

5. *Coa finalidade de conxugar o respecto ó principio de legalidade procedimental co de eficacia administrativa, e tendo en conta a eficiencia na xestión recadatoria, establécense os requisitos e condicións que se terán que verificar con carácter previo á proposta de declaración de crédito incobrable.*

As actuacións a documentar no expediente de declaración de falido serán as seguintes:

a) *Persoas físicas*

- *Embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito. Nos últimos seis meses deberase ter intentado este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

- *Embargo de soldos, salarios e pensións. Tras consulta á Tesourería Xeral da Seguridade Social, o contribuínte non ha de figurar como asalariado en ningunha empresa do termo municipal.*

- *Embargo de devolucións da Axencia Estatal da Administración Tributaria. Nos últimos seis meses deberase ter intentado este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

- *Embargo de bens mobles. Consultada a base de datos da Dirección Xeral de Tráfico, os vehículos han de ter unha antigüidade superior a 15 anos dende a data da primeira matriculación ou non ter contratado seguro obrigatorio ou ben éste figurar caducado, e a Inspección Técnica de Vehículos deberá constar igualmente caducada. De non ser posible a consulta á citada base da DXT, confírmase co departamento de Tesourería deste Concello que o contribuínte en cuestión non teña abonado, en vía voluntaria ningún Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ó ano en curso.*

- *Embargo de bens inmoables. Tras consulta ó Rexistro Central de Indices, o debedor non ha de figurar como titular de ningún ben inmoable dentro do termo municipal.*

En caso de resultar positiva, o ben inmoable debe constar anotado no Rexistro da Propiedade de Lugo con cargas e gravámenes superiores ós débitos perseguidos, ou ben, tratarse de vivendas de Protección Oficial, ou existir confusión entre a descrición catastral e rexistral da finca que limite a súa correcta identificación, ou que a diferenza de valor entre a débeda e as custas de realización do ben xustifiquen a improcedencia do embargo atendendo os criterios de eficacia e proporcionalidade que deben rexir as actuacións recadatorias.

b) *Persoas xurídicas.*

- *Embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito. Nos últimos seis meses deberase ter intentado este tipo de embargo en varias ocasións sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.*

- *Embargo de devolucións da Axencia Estatal da Administración Tributaria. Nos últimos seis meses deberase ter intentado este tipo de embargo en varias ocasións*

sendo o resultado negativo ou ben que a contía embargada non supera o 10% do importe da débeda.

- Embargo de créditos, dereitos e valores: A solicitude á Axencia Estatal da Administración Tributaria sobre a declaración anual de operacións con terceiras persoas deberá ser negativa. En caso de ser positiva, a entidade xestora deberá comunica-los motivos que imposibilitan levar a cabo a citada actuación.

- Embargo de bens mobles. Consultada a base de datos da Dirección Xeral de Tráfico, os vehículos han de ter unha antigüidade superior a 15 anos dende a data da primeira matriculación ou non ter contratado seguro obrigatorio ou ben éste figurar caducado, e a Inspección Técnica de Vehículos deberá constar igualmente caducada. De non ser posible a consulta á citada base da DXT, confírmase co departamento de Tesourería deste Concello, que o contribuínte en cuestión non teña abonado en vía voluntaria ningún Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ó ano en curso.

- Embargo de bens inmoables. Tras consulta ó Rexistro Central de Índices, o debedor non ha de figurar como titular de ningún ben inmoable dentro do termo municipal.

En caso de resultar positiva, o ben inmoable debe constar anotado no Rexistro da Propiedade de Lugo con cargas e gravámenes superiores ós débitos perseguidos, ou ben, tratarse de vivendas de Protección Oficial, ou existir confusión entre a descrición catastral e rexistral da finca que limite a súa correcta identificación, ou que a diferenza de valor entre a débeda e as custas de realización do ben xustifiquen a improcedencia do embargo atendendo os criterios de eficacia e proporcionalidade que deben rexir as actuacións recadatorias.

- Investigación no Rexistro Mercantil sobre a situación actual da empresa e dos seus administradores.

- Investigación na sede da empresa para verificar si existe ou non actividade, si se trata dunha empresa distinta da debedora con actividade distinta ou si se trata dunha empresa distinta que desenvolve una actividade similar á da debedora

6. Sen prexuízo do sinalado no presente artigo, cando o debedor solicitara a alteración da orde de embargo dos seus bens, respetarase o contido de tal solicitude, sempre que con elo non se vexa dificultada a realización do débito».

7) Modifícase o artigo 75.1 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«ARTIGO 75º. PROCEDIMENTO DE CONSTRINXIMENTO

1. O procedemento de constrinximento levarase a cabo na forma sinalada no regulamento xeral de recadación, coas seguintes particularidades:

-Anulación de débedas: conforme se autoriza no artigo 16 da Lei xeral presupostaria, ó remate de cada exercicio económico, a 31 de decembro, poderanse anular causando baixa na contabilidade as débedas acumuladas que por cada debedor, nese momento, non supere 15,00 €, sempre e cando non existiran créditos recoñecidos no último exercicio económico por acto administrativo firme da Facenda Municipal a favor do mesmo suxeito pasivo, e consecuentemente non se poda compensar a débeda.

- Custos: ademais dos enumerados no artigo 113 do regulamento xeral de recadación, terán a consideración de custos do expediente por seren gastos que imprescindible e concretamente esixe e require a tramitación do procedemento:

a) As notificacións que deban publicarse, por esixilo un precepto regulamentario, no Boletín Oficial da Provincia.

b) Os anuncios de poxa ou concurso nos medios ós que fai referencia o artigo 101.3 do regulamento xeral de recadación.

- Valoracións: en relación ó disposto no artigo 97 do regulamento xeral de recadación, debe entenderse:

a) Se a diferenza entre as sumas dos valores asignados ós bens pola Administración e o obrigado o pagamento excedesen do 20 por 100, emprazarase ó debedor para que compareza na sede de Recadación no prazo de 10 días hábiles para dirimir a diferenza de valoración e, se se logra acordo, considerarase como valor do ben embargado o alcanzado en dito acordo.

b) O interesado que non compareza en tal prazo debe considerar decaído o seu dereito no referido trámite e por non existir acordo entre as partes, o Recadador solicitará nova valoración por perito adecuado, tal como se establece no artigo 97.4 do regulamento xeral de recadación».

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Elevar ao Excmo. Concello Pleno o devandito proxecto aprobado, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do

día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

CUARTO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2024 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Asinado polo Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, don Ángel Pablo Permuy Villanueva.